

## ID#570

Os Vilares - Santalla - Ribeira de Piquín, 1979-12

**Informante:** López Fernández, Florencio "o Cego dos Vilares"

**Compiladora:** Dorothe Schubarth

**Transcripción:** Dorothe Schubarth e Antón Santamarina



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

5b<sup>2</sup>

Un domingo pola tarde  
cosendo 'staba Carmiña  
sentada na air'ó sol  
e cantando a Maruxiña.

Cuando detrás dela viu  
iun rapaz que lle decía:  
“Parece qu'estás contenta;  
pois Dios nos dé'alegría.”

“Levet'o diaño, Manolo  
cáse me poñeches medo,  
que co susto que levei  
clavei a agulla nun dedo.”

“Pois non t'asustes, Carmiña  
qu'esto ben o sabes tu,  
ó meu lado non padeces  
como Dios nos dea salú.”

“Quén se fía nos rapaces  
que sóde-lo mesmo demo,  
que prä 'ngañar ás rapazas  
pareceis santos do ceio.”

“Pói-las nenas se Dios quiere  
por séreis tan zalameras,  
ie pra 'ngañar ós rapaces  
asta pintái-las canelas.

Ides tan apretaditas  
que pareceis parafusas;  
o que sodes as rapazas:  
todas un fatín de bruxas.”

“Pois os mozos, se Dios quier,  
por séreis tan calaveras,  
o bon soldo que ganais  
non vos dá prä borracheras.”

## ID#570



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

“Tés muita lingua, Carmiña  
a fe chegaba pra sete.  
¿Cuándo borracho me viche  
pra decí-lo que dixeches?”

“Vinte no mes de febreiro,  
un tal día de San Blas,  
que me pediches un bico  
i aqueloutra cosa máis.”

“Pois non ch'era de borracho  
nin por cousa parecida,  
era por saber, Carmiña  
hasta ver que oficio tiña.”

“Pois boa pena te levaches,  
que te quedaches con ganas  
qu'eu non son daquelas mozas  
que se fían de palabras.”

“Pois deixémo-nos de conto  
e prä non perder mái-lo tempo;  
se cho parece Carmiña  
tratemos do casamento.”

“Hai moito tempo que dis  
que te querías casar,  
e s'é qu'has de ter muller  
tés que sabé-la tratar.”

Prepararon pra a voda  
e foron ond'o señor cura,  
e marcharon á 'stación  
dacabalo dunha burra.